

Xoves, 18 de novembro de 2021

Núm. 223

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO 2022

E D I C T O

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 17 de novembro do 2021, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2022 e no cal se integran os seguintes:

- Orzamento do Concello de Vigo.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal Urbanismo.
- Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que rexerán para o ano 2022.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O ALCALDE-PRESIDENTE

Abel R. Caballero Alvarez

